

INDICACIÓNS PARA REDACTAR A NOVA

- Todos os membros do grupo participarán nas tarefas de **documentación, investigación, redacción e edición** do texto periodístico.
- O primeiro que hai que facer é **repartir as tarefas** a realizar entre o equipo de xornalistas e decidir o tema sobre o que imos escribir.
- Unha vez organizados, teremos que **buscar documentación** sobre o tema a tratar: antecedentes, imaxes, noticias relacionadas, etc.
- No proceso de investigación obteremos os datos precisos para poder redactar a nova, responderán, cando menos, as seguintes cuestións: **que, quen, onde, cando, como e por que**. Seremos quen de elaborar unha serie de **conclusións** segundo os datos obtidos.
- Cando teñamos os datos precisos **redactaremos a noticia**, segundo os criterios apropiados para un **texto periodístico informativo ou de opinión**. Teremos presente todo o traballo anterior. Os traballos teñen que ser creativos e orixinais.
- Unha vez redactada a nova, **darémolle a forma** axeitada para que apareza no xornal, incluíndo imaxes, pé de imaxes, tipografía, presentación do texto, etc. Terá unha boa organización espacial e un bo nivel plástico.